

ALBERT CAMUS

A peste

Traducido por Isabel Soto e Xavier Senín



Hugin e Munin

Os singulares acontecementos que constitúen o argumento desta crónica producíronse en 194..., en Orán. Consonante a opinión xeral, estaban fóra de lugar e saíron un pouco do ordinario. A primeira vista, Orán é, xaora, unha cidade coma calquera, unha prefectura francesa da costa alxeriana e máis nada.

Cómpre recoñecer que a cidade é fea. De aspecto tranquilo, precísase un tempo para decatarse do que a fai diferente de tantas outras cidades comerciais en calquera latitude. Como se pode imaxinar, por exemplo, unha cidade sen pombas, sen árbores e sen xardíns, na que non existen nin bater de ás nin rozar de follas, un lugar neutro para dicilo nunha palabra? Alí o cambio das estacións só se fai visible no ceo. A primavera anúnciase soamente pola calidade do aire ou polas cestas de flores que os pequenos vendedores levan dende os arrabaldes; é unha primavera que se vende nos mercados. Durante o verán, o sol arroxa as casas demasiado secas e cobre os muros cunha cinsa gris; daquela, un só pode vivir amparado pola sombra das contras pechadas. No outono, ao contrario, prodúcese un dioivo de lama. Os días bos só chegan no inverno.

Unha maneira axeitada de coñecer unha cidade consiste en reparar en como se traballa, como se ama e como se morre nela. Na nosa pequena cidade, se cadra por

cousa do clima, todo isto se fai asemade, co mesmo aire frenético e ausente. É dicir, que un se aburre e se afana en adquirir hábitos. Os nosos concidadáns traballan arreo, pero sempre para se enriqueceren. Interésanse en particular polo comercio, e ocúpanse ante todo, en consonancia coa súa expresión, de facer negocios. Naturalmente, tamén teñen inclinación polos praceres sinxelos, gustan das mulleres, o cinema e os baños no mar. Pero, con moito siso, reservan eses praceres para o sábado á tardiña e o domingo, e esfórzanse, os outros días da semana, en gañar moitos cartos. Á tarde, cando marchan dos seus despachos, reúnense a unha hora fixa nos cafés, pasean polo mesmo bulevar ou ben asómanse aos balcóns. Os desexos dos máis novos son violentos e pasadíos, en tanto que os vicios dos maiores non van máis alá das asociacións de afeccionados aos birlos, os banquetes das sociedades e os círculos nos que se aposta forte ao azar das cartas.

Dirase sen dúbida que isto non é exclusivo da nosa cidade e que, á fin e ao cabo, todos os nosos contemporáneos son así. Dende logo, non hai nada máis natural hoxe que ver a xente traballar da mañá á noite e optar despois por perder ás cartas, no café, e en parolas, o tempo que lles queda por vivir. Pero hai cidades e países nos que as xentes teñen, de cando en vez, a sospeita de que existe outra cousa. En xeral, isto non muda a súa vida, pero só con ter esa sospeita, xa levan algo gañado. Orán, pola contra, é na aparencia unha cidade sen sospeitas, é dicir, unha cidade completamente moderna. Por conseguinte, non é necesario precisar de que maneira se ama entre nós. Os homes e as mulleres ou ben devóranse ás présas no que se chama o acto de amor, ou ben comprométense nun longo costume entre dous. Entre estes extremos non adoita haber termo medio. Tampouco iso

